

A LEDICIA DE LER

“Rosalía e a súa sombra”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 8 de xuño de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Rosalía e a súa sombra

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 8 DE XUÑO DE 1975

O tema da “sombra” en Rosalía ten preocupado a moitos investigadores. Uns, como Alberto Machado da Rosa, buscan a súa significación poñéndoa en relación con lembranzas do poeta Aguirre, que mantivera amizade con Rosalía. Outros, como José Luis Varela, identifican a “sombra” coa orixe natural da poetisa. O profesor Carballo Calero, pola súa parte, pensa que a “sombra” ten algo que ver con algunha indeterminada lembranza do pasado. Sobre o mesmo tema escribe agora Agustín García Calvo (excatedrático de Latín na Universidade de Madrid, da que fora expulsado con Aranguren e Tierno Galván hai uns anos) no primeiro número de Los Cuadernos de la Gaya Ciencia, revista de lectura e crítica de fermosísima presentación, en cuxo consello de redacción figuran Félix de Azúa, Víctor Gómez Pin, Alberto González Troyano, Ferrán Lobo, Rosa Regás, Fernando Savater e Eugenio Trías.

O artigo de García Calvo titúlase “Acerca de la sombra de Rosalía” e ocupa vintecatro páxinas (dende a 25 á 48, ambas incluídas). Nel, o autor busca a identificación de dous elementos significativos confusos que con certo carácter de reiteración observa se repiten ao longo do libro Follas Novas: “sombra” e “fantasma”. Está claro que o “fantasma” é unha aparición nocturna, na súa modalidade máis vulgar, pero que a Rosalía (García Calvo substitúe o nome propio da Rosalía histórica pola sigla ROS., coa que se refire non á muller, nin á poetisa, senón ao “eu” dos poemas) se lle aparece incluso á luz do sol: “no mesmo sol te me amostras”. A significación de “sombra” resulta semanticamente ambigua, e o mesmo pode ser alguén, que a propia sombra de Rosalía ou a escuridade do seu interior. Tanto o

“fantasma” como a “sombra”, cada vez que son mencionados, levan un epíteto referente ao medo que lles é esencial: “o fantasma que me aterra”, “fantasma pavoroso”, “fantasma horrible”, “sombra de horror”, “negra sombra que me asombras”... Non obstante, a identificación do contido que encerran ambos os dous términos non resulta para o investigador máis clara que para Rosalía.

Con todo, a través dos poemas rosaliáns móvese unha serie de trazos descritivos da Cousa que nos poden achegar a ela. Así, reaparece cando se daba por desaparecida (“cando penso que te fuches”); burlase do poeta cando este ten a ilusión de que se librou dela (“tornas facéndome mofa”); materialízase en multitude de formas (“a estrela que brila”, “o vento que zoa”, “o murmurio do río”, “a noite”, “a aurora”...); ten unha dimensión desmesurada (“é máis grande que vós todos”, di referíndose ao ceo e ao mar); é o canto dos homes (“si cantan es ti que cantas”) e o seu choro (“se choran es ti que choras”), ou unha cousa que vive, finalmente.

Pero non hai soamente trazos descritivos nos poemas, pois nalgúns casos o poeta trata de dar unha definición, ben que os intentos sexan escasos e confusos. Neste sentido, a Cousa identifícase sucesivamente co corazón (ese “mal que non ten cura” “é o meu propio corazón”), cos remordementos (“fantasma pavoroso dos meus remordementos”), coa desgracia (“teño medo á desgracia traidora / que ven e nunca se sabe ónde ven”). De todos os xeitos, tampouco por ese vieiro se chega á noz da Cousa, que por outros poemas sabemos o que non é. E non é o Mal, nin a Morte.

¿Qué é pois? O enigma resísteselle tamén a García Calvo. Na parte final do seu traballo, cando parece que renuncia a seguir investigando, pensa que o “fantasma” de Rosalía é un fantasma-para-muller. Segundo el, o sentimento fronte ao medo non é o mesmo no home que na muller. O primeiro (e cita a Unamuno e a Machado no seu apoio) tendería a indetificar o obxecto do seu medo coa Morte, con Deus ou co

Infinito; mentres que a segunda daríalle unha significación máis vaga. Parece ser que a falta de interese das mulleres pola eternidade é un trazo distintivo fronte aos homes que nos conduciría ao Amor (o seu placer e o seu pecado, ou a súa ausencia) ¿será o fantasma de Rosalía? Dende logo, García Calvo renuncia a averigualo.

O traballo lese con verdadeiro interese, e todo el resulta dunha grande agudeza e brillantez, sobre todo cando busca a identificación da “sombra” mergullándose nos textos da mesma Rosalía. A parte final, non obstante, semella un tanto retórica e demasiado forzada. Coido que García Calvo se aproxima ao centro da cuestión nas páxinas 42 e 43, cando analiza o poema que empeza “Algúns din ¡miña terra!” e no que relaciona a queixa final do poeta co sentimento de pura soidade, o que enlazaría coas investigacións que sobre a Rosalía de Follas Novas se teñen feito en Galicia, sobre todo nas coleccións de traballos recollidos no volume colectivo *7 ensaios sobre Rosalía*. Pero nese momento xusto salta ao estudo de Otto Weininger sobre o carácter feminino para fundamentar a parte final da súa tese, e pérdese por aí. Con todo, o artigo interesará tanto aos investigadores rosalianos como aos lectores non especialistas. Pola miña parte, e para finalizar, corrixiría o que escribe García Calvo sobre o carácter de Rosalía na páxina 35: “parece que ni siquiera pecó, en su dolencia y desventura (fuera ella la que fuese, que eso tampoco conozco documentos que lo precisen), del pecado de acrimonia y de desahogo de sus penas sobre sobre los que la rodeaban”. Si é certo que a dita visión non modifica en absoluto a tese do catedrático zamorano, a verdade é que as cousas foron bastante diferentes. Consúltese se non o libro *Inéditos de Rosalía*, de Juan Naya Pérez, onde a autora de *Follas Novas* fala de “la aspereza de mi carácter”, da súa “bilis” e do seu “humor del diablo”.

ⁱ Agustín García Calvo: “Acerca de la sombra de Rosalía”, en *Los Cuadernos de la Gaya Ciencia, I, Lectura y crítica*, La Gaya Ciencia, Barcelona, 1975.